

Xoves, 11 de xullo de 2024

Núm. 135

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### LALÍN

#### Persoal, oposicións

*BASES REGULADORAS PARA O ACCESO AO PROGRAMA DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS DE ACOMPAÑAMENTO E RESPIRO FAMILIAR DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO LALÍN VERDE. -*

#### **Base primeira. Finalidade.**

A finalidade do presente programa é a realización dun servizo de interese social, a desenvolver polo Obradoiro de Emprego, coa finalidade de posibilitar a práctica profesional do alumnado traballador, no ámbito de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, mediante a colaboración na atención a persoas con déficits de autonomía, que non contén, dentro da súa unidade familiar, con axudas ou prestacións públicas establecidas para a mesma finalidade.

De xeito máis específico, está dirixido a:

- Prestar apoio no domicilio a persoas maiores que viven soas e carecen de apoio persoal na súa controna inmediata.
- Prestar apoio de respiro a cuidadores familiares.

O servizo consistirá na asistencia, por parte do alumnado traballador do Obradoiro dual de emprego Lalín Verde, aos domilios particulares das persoas que resulten beneficiarias do programa, desenvolvendo, dentro da súa práctica profesional, as labores de:

#### *ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL:*

Fai referencia a todas aquelas atencións dirixidas a persoa usuaria do servizo cando non poida realizalas por si mesma, ou cando precise apoio e/ou axuda para o desenvolvemento das seguintes actividades:

- Aseo e coidado persoal.
- Control do réxime alimentario.
- Mobilización dentro do fogar.
- Estimulación sensorial, física e psíquica.
- Calquera outra atención de carácter persoal e específico necesarias para acadar a finalidade do servizo.



Xoves, 11 de xullo de 2024

Núm. 135

*ATENCIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO:*

Actividades ou tarefas a desenvolver no domicilio, referidas a:

- Preparación de alimentos.
- Programación de comidas e deitas semanais.
- Lavar, pasar o ferro e ordenar a roupa.
- Limpeza e mantemento e organización do domicilio.

*ATENCIÓNS DE CARÁCTER EDUCATIVO E PSICOSOCIAL:*

Refírense ás intervencións de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, de afectividade, da convivencia, e da integración na comunidade:

- Cambios de hábitos de organización, limpeza e hixiene e básica.
- Práctica en habilidades sociais e hábitos de convivencia.
- Facilitar actividades de ocio no propio fogar.
- Axuda na relación co contorno.
- Axuda no manexo de correspondencia, teléfono, etc.
- Acompañamento do/a usuario/a.
- Axuda na socialización e integración.

En cada caso, as actividades estarán determinadas no programa individual de atención e terán sempre carácter complementario das propias capacidades do/a usuaria ou doutras persoas da súa contorna inmediata. Non eliminando nin substituíndo as actividades que a usuaria poida realizar, e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

O servizo contará coa planificación e seguimento por parte do persoal do Obradoiro de Emprego, que supervisará as tarefas desenvolvidas polo alumnado traballador en cada domicilio.

**Base segunda.- Prazo de desenvolvemento do servizo.**

Dende a sinatura do Programa Individual de Atención da persoa participante ata o 23 de novembro de 2024. (ao tratarse de prácticas profesionais desenvolvidas polo alumnado traballador da especialidade de atención sociosanitaria, o servizo non será susceptible de ampliación máis aló do 23 de novembro, data na que remata o Obradoiro dual de Emprego Lalín Verde, debendo ter en conta, así mesmo, o período vacacional establecido con anterioridade).

Durante o período de desenvolvemento do proxecto, o alumnado traballador na especialidade de atención sociosanitaria do Obradoiro de emprego Lalín Verde, asistirá aos domicilios seleccionados, 1 día á semana, por un período aproximado de 1 hora diaria en cada domicilio.



Xoves, 11 de xullo de 2024

Núm. 135

**Base terceira.- Publicidade.**

As bases reguladoras da presente convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na páxina web de Lalín ([www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)) e na sede electrónica de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>).

**Base Cuarta.- Beneficiarios.**

Para ser beneficiario, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- Ser maior de 65 anos, no momento da solicitude.
- Estar empadroados e ter residencia efectiva no Concello de Lalín.
- Non ter concedido o recoñecemento de grao de dependencia ou, en todo caso, ter recoñecido o grao de dependencia I.
- Non estar percibindo, na actualidade, prestación ou servizo algún, de análoga natureza, de calquera outras entidade pública. No caso de que a persoa seleccionada, durante a prestación do servizo, se lle conceda algún tipo de prestación ou servizo de análoga natureza, deberá causar baixa do programa de acompañamento e respiro familiar, obxecto das presentes bases, **de xeito inmediato**.

O número máximo de participantes será de **20 domicilios**.

**Base quinta.- Solicitude e prazo de presentación de instancias.**

O prazo de presentación de instancias será de **15 días naturais** desde a publicación das presentes bases no BOPPO.

A documentación a presentar será:

- Instancia de solicitude e declaración xurada, que figuran como anexo I ás presentes bases.
- Copia do DNI/NIE.
- De ser o caso, documentación acreditativa de recoñecemento de dependencia.
- De ser o caso, documentación acreditativa do grao de discapacidade.

**Base sexta.- Contido e desenvolvemento do proceso.**

Rematado o período de solicitude e valoradas as mesmas, procederase a publicar o listado provisional de persoas que resultaron beneficiarias, xunto coas que conforman a lista de agarda, dando un prazo de 2 días naturais para que as persoas que así o consideren realicen as alegacións que estimen oportunas. Transcorrido dito prazo, publicarase o listado definitivo e procederase a asinar o Programa Individual de Atención, por parte de cada persoa beneficiaria, como punto de partida da prestación de prácticas profesionais de atención domiciliaria.



Xoves, 11 de xullo de 2024

Núm. 135

**Base sétima.- Criterios valoración.**

Valoraranse as solicitudes en función do seguinte baremo:

CRITERIOS	VALORACIÓN
Idade * de 65 a 70 anos ..... 1 punto * de 71 a 80 anos ..... 2 puntos * de 81 anos en adiante ..... 3 puntos  <i>Acreditarase mediante a presentación do DNI/NIE.</i>	Máx. 3 puntos
Grao de dependencia: * Grao I de dependencia, sen servizo activo ..... 4 puntos. * Non recoñecido grao de dependencia ..... 0 puntos.  <i>Acreditarase mediante a presentación de resolución do grao de dependencia.</i>	Máx. 4 punto
Grao de discapacidade: * Non recoñecido grao discapacidade ..... 0 puntos. * Do 33% ao 64 % ..... 1 punto. * De 65% ou máis ..... 3 puntos.  <i>Acreditarase mediante a presentación de resolución do grao de discapacidade.</i>	Máx. 3 puntos

No caso de empate de solicitudes, terase en conta a persoa solicitante co recoñecemento de grao I de dependencia. De persistir a mesma, terase en conta a orde por rexistro de entrada.

**Base quinta.- LISTA DE AGARDA:**

Entre as persoas que non resultaron seleccionadas pero que cumpren os requisitos de acceso, realizarase unha lista de agarda para cubrir as posibles baixas que teñan lugar durante o desenvolvemento do programa.

**Base sexta.- COMISIÓN AVALIACIÓN**

A comisión avaliadora estará formada por:

- Persoal directivo do Obradoiro Dual de Emprego Lalín Verde.
- Técnico do departamento de servizos sociais.
- Técnico do departamento persoal e emprego.



Xoves, 11 de xullo de 2024

Núm. 135

Estará encargada da instrución do procedemento de selección, realizando de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución e selección das persoas beneficiarias do programa.

No expediente de selección deberá figurar o informe da comisión avaliadora no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

Así mesmo, o informe deberá incluír as solicitudes obxecto de exclusión segundo os motivos que a continuación se relacionan:

- Presentar a solicitude fora do prazo establecido.
- Falta ou defecto na presentación de documentos solicitados e non emendados en data e forma.
- Non reunir os requisitos para ser posibles beneficiarias/os.
- Omitir ou falsear os requisitos ou datos requiridos nesta Convocatoria.

En ambos supostos, a resolución será motivada ao obxecto de que os solicitantes poidan facer uso dos recursos a que en dereito haxa lugar.

A Comisión avaliadora, á vista do expediente, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A Comisión avaliadora poderá acordar a apertura dun novo prazo presentación de solicitudes, no caso de quedar baleira a lista de agarda e carecer de usuarios no programa.

#### **Base sétima.- BAIXA NO PROGRAMA.**

As persoas ou unidades familiares incorporadas ao programa causará baixa no mesmo:

- No momento no que sexan beneficiarias de calquera das prestacións do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia.
- Por ser beneficiaria de outros recursos ou servizos públicos que cubran as necesidades de atención.
- Por desaparición das causas que deron orixe a demanda inicial.
- En todo caso, na data de finalización do mesmo, o 24 de novembro de 2024.

#### **Décimo novena.- PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:



Xoves, 11 de xullo de 2024

Núm. 135

**RESPONSABLE:** O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

**FINALIDADE:** A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución e resolución do procedemento para o acceso ao programa de prácticas profesionais de acompañamento e respiro familiar do alumnado do Obradoiro Dual de Emprego Lalín Verde.

**DESTINATARIOS:** Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

**LEXITIMACIÓN:** A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.

**DEREITOS:** As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro–Concello de Lalín–. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd@lalin.gal](mailto:dpd@lalin.gal).

## DISPOSICIÓN FINAL

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras.

Lalín 01 de xullo de 2024

Concelleira de emprego — Beatriz Canda Rodríguez.



Xoves, 11 de xullo de 2024

Núm. 135

**ANEXO I**  
**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE PRÁCTICAS**  
**PROFESIONAIS DE ACOMPAÑAMENTO E RESPIRO FAMILIAR DO ALUMNADO**  
**DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO LALÍN VERDE.**

Nome e apelidos:

DNI:

data nacemento:

ENDEREZO:

teléfono:

DECLARO:

- Reunir os requisitos sinalados na convocatoria, que declara coñecer.
- Ser maior de 65 anos, no momento da solicitude.
- Estar empadroados e ter residencia efectiva no Concello de Lalín.
- Non ter concedido o recoñecemento de grao de dependencia ou, en todo caso, ter recoñecido o grao de dependencia I.
- Non estar percibindo, na actualidade, prestación ou servizo algún, de análoga natureza, de calquera outras entidade pública. No caso de que a persoa seleccionada, durante a prestación do servizo, se lle conceda algún tipo de prestación ou servizo de análoga natureza, deberá causar baixa do programa de acompañamento e respiro familiar, obxecto das presentes bases, de xeito inmediato.

Lalín, ..... de xuño de 2024

Asdo: .....

